



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. Lama das Quendas
R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Tel.: 982870223 – Fax: 982870233
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas
ies.lama.quendas@edu.xunta.es

CLUB DE LECTURA “A QUENDA DO LIBRO” CURSO 2017-2018

BREVE HISTORIA DO CLUB

O club de lectura *A Quenda do Libro* foi nado no I.E.S. Lama das Quendas no curso 2011-2012 cun grupo de alumnado de 1º e 2º de ESO, e un grupo de adultos (profesorado). Nos catro cursos seguintes houbo sempre varios grupos de alumnado e un grupo de profesorado máis outro de pais e nais ata acadar os oito grupos de rapaces, dende 1º de ESO ate 2º de bacharelato, e dous de adultos no pasado curso 2016-2017.

FINALIDADES DO CLUB DE LECTURA

Neste sexto ano de funcionamento do club de lectura *A Quenda do Libro* temos os mesmos obxectivos fundamentais que aparecen no noso **Proxecto Lector** e que nomeamos a continuación:

- Fomentar, incrementar e estimular o **hábito lector** entre os participantes; desenvolver unha función de **mediación lectora** ao servizo das persoas participantes e outros pais e nais ofrecéndolles alternativas no seu tempo de lecer.
- Favorecer o establecemento de **relacións interpersoais de cordialidade e amizade** entre alumnado de distintos cursos da educación secundaria e bacharelato, os docentes, demais membros do persoal que traballa neste centro, pais e nais, ex-alumnos e calquera persoa interesada en transformar a actividade individual de ler e socializala. Así contribuímos á **convivencia** e ao **diálogo** no ámbito escolar e na vila favorecendo a experiencia lectora na nosa comunidade.
- Esforzarse en favorecer a **competencia lingüística** e a **comprensión lectora**, e **diversificar o seu ámbito de uso**, amosando a relación da actividade lectora con outros códigos (audiovisuais, imaxes, música, novas tecnoloxías...) e ofrécese un amplo **abano de xéneros para a lectura**.
- Potenciar a **competencia dixital (Plan TIC)**, poñéndoa en relación co proceso de lecto-escritura (mantemento do **blog** <http://aquendadolibro.blogspot.com.es>, potenciación do Foro de A Quenda do Libro e mantemento da páxina de Facebook e Twitter de A Quenda do Libro).
- Educar no **uso crítico da información** e reflexionar sobre os contidos presentes nos medios de comunicación e nas obras de lectura seleccionadas.
- Colaborar con outros proxectos e Departamentos (Biblioteca, Dinamización Lingüística...) en actividades deseñadas tanto por eles como polo club, para levar a cabo dun xeito máis global as finalidades anteriormente referenciadas.

ACTIVIDADES PREVISTAS

O fomento da lectura é un proceso dinámico polo que as actividades que pasamos a referir son unha orientación, podendo ser eliminadas, modificadas ou cambiadas en función das necesidades e intereses que xurdan:

- Lectura de obras de interese literario e argumental para os rapaces ao longo do curso (polo menos un cada trimestre), principalmente en galego.



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. Lama das Quendas
R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Tel.: 982870223 – Fax: 982870233
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas
ies.lama.quendas@edu.xunta.es

- Difusión da actividade do club nas redes sociais, taboleiros, medios de comunicación locais...
- Celebrar diferentes conmemoracións ao longo do curso e colaborar na elaboración de materiais, organización de actividades culturais e exposicións temporais no centro para as actividades programadas no centro tanto pola Biblioteca coma polos diferentes Departamentos.
- Saída ao exterior relacionada coa lectura e/ou os libros, que se fará no mes de xuño, como por exemplo: visita a unha biblioteca ou casa-museo, roteiro por librarías ou rúas con nome de escritor, convivencias lectoras...
- Organización dun Mercado de Libros, na semana das Bibliotecas, para favorecer que o alumnado se intercambie libros de lectura marcados polo profesorado ou calquera outro que se desexe.
- Creación dun espazo no Taboleiro de *A Quenda do Libro* para anuncios de *preciso, ofrezco, troco...*, para favorecer a solidariedade e socialización dos membros da comunidade escolar.
- Ampliación dos fondos en galego da biblioteca.
- Promoción da creación literaria orixinal con talleres de poesía e narrativa galegas, ou algún concurso de creación.
- Potenciación do Foro de lecturas do noso Blog para favorecer o intercambio de comentarios sobre as lecturas persoais e as do Club por parte de calquera que desexe ingresar na páxina.
- Colaborar coas bibliotecas existentes no concello e outras coas que se manterá contacto (de centros escolares e/ou biblioteca municipal).
- Seguir coa actividade do Libro–Libre e seguirémoslle a pista aos nosos libros espallados polo mundo: Arxentina, Chile, Irlanda, Portugal, ..., e outras localidades máis próximas.
- Manter, con motivo do Día do Libro, unha reunión intergrupala, dado o éxito dos anos anteriores. Será mixta, aberta a calquera persoa que desexe intercambiar opinións e comentarios sobre unha lectura que estará marcada.
- Fomentar a interrelación entre lectores e destes cos autores, na medida do posible, a través de contactos nas redes sociais e de xeito presencial no Lama das Quendas.
- Continuar coa colaboración con TeleVinte e Radio Faro na realización de diversas actividades de comunicación e fomento da lectura.
- Animar ao alumnado á elaboración de *Booktrailers* sobre os libros lidos para animar a outras persoas á súa lectura.
- Campaña de *Ler en Chantada* na que se farán fotografías onde as persoas estean lendo en calquera recanto do concello para facer carteis de animación á lectura.

COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES APROXIMADO

Tendo en conta o exposto no primeiro punto, este apartado non poderá ser facilitado ate que se incorpore o novo coordinador. Mais, tendo en conta o bo funcionamento do club os pasados cursos, aínda coas variacións que se producen cada ano, contamos con manter *grosso modo* a media de participantes do alumnado, do profesorado e persoal non docente e das familias.

FORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Trala observación e análise das características propias do centro e do seu funcionamento os pasados cursos, así como a dispoñibilidade horaria e os intereses do alumnado, manteranse *a priori* os grupos de organización para adaptarse á diversidade do alumnado (algúns co hábito lector moi



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. Lama das Quendas
R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Tel.: 982870223 – Fax: 982870233
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas
ies.lama.quendas@edu.xunta.es

arraigado xa, e outros non tanto) e á boa acollida desta actividade polo crecente aumento de participación nos últimos cursos:

- Grupos I e II integrado polo alumnado de 1º A e B de ESO.
- Grupos III e IV co alumnado de 2º A e B da ESO.
- Grupos V e VI co alumnado de 3º A e B de ESO.
- Grupo VII, co alumnado de 4º de ESO.
- Grupo VIII, co alumnado de 1º e 2º de Bacharelato.
- Ademais créanse outros dous grupos de lectura de adultos. Un cos membros do profesorado e o persoal non docente; e outro con pais/nais e outras persoas interesadas.
- Grupo mixto, que realizará lecturas extra e que estará aberto a calquera que desexe participar independentemente de que sexan alumnos/as ou adultos.

HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓNS DE CARÁCTER PRESENCIAL

Realizarase unha primeira sesión de contacto en outubro, na que os integrantes recibirán información xeral do funcionamento do club e determinaranse as lecturas.

Os membros do club de lectura terán unha xuntanza cada mes aproximadamente, na aula multimedia e noutra aula do centro, dado que serán simultáneas. Cada grupo realizará as sesións presenciais por separado, aínda que algunhas sesións xerais, e outras actividades do club irán destinadas á totalidade dos participantes, e terán un carácter aberto. No horario establecido no período de lecer dun día da semana por determinar, de 11:15 a 11:45 horas, promoveranse distintas actividades en relación coas lecturas, e realizarase a actualización do blog.

O profesorado realizará as súas reunións tamén no período de lecer do día da semana acordado, entre as 11:15 e as 11:45. As datas de reunión do profesorado e persoal docente escollerase trala entrega de horarios para permitir que todos poidan asistir ás reunións.

O alumnado e profesorado non se reúne na Biblioteca do centro para permitir que os demais alumnos do centro que non teñen reunión do club poidan facer uso da mesma con total normalidade.

As reunións dos pais e nais/adultos en xeral realizaranse pola tarde na Biblioteca do centro, e acordaranse as datas e horas na primeira reunión en función das opinións dos asistentes.

PERSOA COORDINADORA

Juan Manuel Vázquez Vázquez, profesor do departamento de Música, que programará as reunións, fará publicidade das datas e será responsábel do desenvolvemento deste proxecto.



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. Lama das Quendas
R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Tel.: 982870223 – Fax: 982870233
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas
ies.lama.quendas@edu.xunta.es

MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR

Nos primeiro mes de clases realizaranse as seguintes actuacións:

1. Reunións informativas co alumnado por cursos, persoal docente e non docente do centro.
2. Informar aos pais/nais/titores/adultos en xeral da existencia do club na reunión de pais de outubro e mediante circular a través dos fillos para que poida participar quen o desexe.
3. Comunicacións da existencia do Club e as súas actividades e obxectivos a través da televisión (TeleVinte) e da radio (Radio Faro) locais e a través da prensa escrita do ámbito comarcal.

A desenvolver ao longo do curso:

1. Mantemento do blog creado (difusión na rede): <http://aquendadolibro.blogspot.com/>
2. Proporcionar información relativa ao club no taboleiro colocado na entrada do IES para tal efecto e as páxinas de facebook e twitter.
3. Difusión boca-orella dos rapaces aos compañeiros e aos veciños da vila.
4. Colaboración cos medios audiovisuais locais (TeleVinte e Radio Faro) para a difusión das actividades realizadas polo club e solicitar a colaboración de quen estivera interesado.